

	Nivel 1 (Excelente)	Nivel 2 (Bo)	Nivel 3 (Aceptable)	Nivel 4 (Insuficiente)
<b>Claridade e fluidez</b>	Enténdese moi ben toda a información. O volume, ritmo e a entoación son boas. A linguaxe é axeitada á audiencia.	Enténdese ben toda a información. O volume, ritmo e a entoación son boas, aínda que hai algún erro. A linguaxe é axeitada á audiencia.	Enténdese toda a información. Hai erros no volume, ritmo ou entoación. A linguaxe non sempre é axeitada á audiencia.	Non se entende sempre a información. Hai varios erros no volume, ritmo e entoación. A linguaxe non é axeitada á audiencia.
<b>Organización e coordinación co resto do equipo</b>	Hai unha boa organización da presentación de contidos. A orde de presentación é fluída e non hai momentos de dúbida e, no caso de habelos, resólvense de inmediato coa axuda do resto do equipo.	Hai unha boa organización da presentación de contidos. A orde de presentación é case sempre fluída e os momentos de dúbida resólvense coa axuda do resto do equipo.	A organización da presentación de contidos non é moi clara. Na presentación hai algún momento de dúbida que non é ben resolto.	A organización da presentación de contidos é difícil de seguir. Na presentación hai numerosos momentos de dúbida que non son ben resolto.
<b>Interacción coa audiencia</b>	Hai contacto visual coa audiencia. Modifícanse aspectos da presentación se é necesario segundo a reacción da audiencia ( <i>voz máis alta se non escoitan ben, ritmo máis baixo se non seguen ben a presentación,...</i> ). Respóndese ás preguntas de forma clara e coa información axeitada.	Hai contacto visual coa audiencia a maior parte do tempo. Modifícase algún aspecto da presentación se é necesario segundo a reacción da audiencia ( <i>voz máis alta se non escoitan ben, ritmo máis baixo se non seguen ben a presentación,...</i> ). Respóndese á maioría das preguntas de forma clara e coa información axeitada.	Hai pouco contacto visual coa audiencia. Non se modifican aspectos da presentación se é necesario segundo a reacción da audiencia ( <i>voz máis alta se non escoitan ben, ritmo máis baixo se non seguen ben a presentación,...</i> ). Respóndese á maioría das preguntas coa información axeitada.	Apenas hai contacto visual coa audiencia. Non se modifican aspectos da presentación aínda se é necesario segundo a reacción da audiencia ( <i>voz máis alta se non escoitan ben, ritmo máis baixo se non seguen ben a presentación,...</i> ). Non se responde ás preguntas coa información axeitada.
<b>Interiorización dos contidos</b>	As e os integrantes do grupo fan a exposición da súa parte sen momentos de dúbida.	As e os integrantes do grupo fan a exposición da súa parte cun momento puntual de dúbida, pero poden seguir coa presentación da súa parte.	As e os integrantes do grupo fan a exposición da súa parte con varios momentos de dúbida, pero poden seguir coa presentación da súa parte.	As e os integrantes do grupo fan a exposición da súa parte con varios momentos de dúbida, sen poder seguir coa presentación da súa parte.
<b>Atractivo visual</b>	É un xogo atractivo visualmente e invita á súa consulta. O seu deseño facilita a lectura e interpretación de toda a información.	É un xogo atractivo visualmente e invita á súa consulta. O seu deseño facilita a lectura e interpretación de case toda a información.	É un xogo pouco atractivo visualmente, pero aínda así invita á súa consulta. O seu deseño facilita a lectura e interpretación dalgunha información.	É un xogo que non é atractivo visualmente e non invita á súa consulta. O seu deseño non facilita a lectura e interpretación da información.



“Rúbrica 5.2 – Quen é quen?”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual](#)